

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA URXENTE DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO CORRESPONDENTE O DIA 19 DE ABRIL DE 1996.-

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día dezanove de Abril de mil novecentos noventa e seis; ás once da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión extraordinaria urxente da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.- Concelleiros: Don José Pérez Iglesias, e Don Celso Sotelo Barroso.- Non asiste Don Amando Martínez Deaño.

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ESCRITOS DE SEÑORES CIDADANS.

Visto o escrito de Don Amando Canitrot Pérez, na representación de Don Enrique Iglesias Galindo, veciño desta Vila, con domicilio na rúa do Carballiño, 8, 4º B, no que interesa información urbanística aplicable a un inmovible sito na "Torre", do lugar de Esposende, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación ó informe emitido polos servicios técnicos, que di: "A súa ubicación corresponde ó Núcleo Rural Torre, definido e delimitado nas NN.SS. de Ribadavia e, regulado pola Ordenanza 4.11.- Dada a singularidade do edificio, deberán manterse as súas aliñacións exteriores, fachada e configuración xeral do edificio, empregando na súa restauración materiais tradicionais. Manteranse os elementos singulares do seu interior, escaleiras, etc.- O proxecto técnico acompañarase con fotografías do inmovible no seu estado actual, e a súa restauración proposta, remitíndose no seu día un exemplar a Patrimonio".

E sendo as once e dez minutos da mañá, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, da cal, coma Secretario accidental, certifico.